

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Os encantos de Morás

En Morás, Xove (Lugo), hai encantos. Vivían nos buratos que aínda hoxe se coñecen como "buratos dos encantos".

Un daqueles encantos foi un día a unha festa e un home de Aldea, preguntoulle:

E, ti, ¿que fas aquí?

O encanto, en vez de lle responder, repreguntou:

E, ti, ¿con que ollo me ves?

Co esquerdo dixo o home de Aldea.

E vai o encantao e sacoulle o ollo para que non o volvese a ver.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

COLEXIO PÚBLICO DE XOVE, A fonte da vida longa, concello de Xove, 1989, p. 42.